

FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONVOCATORIA DE ELECCIONES 2018

En cumprimento do previsto na normativa legal, estatutaria e reglamentaria vixente, se procede á **CONVOCATORIA DE ELECCIONES** na Federación Galega de Orientación, tendo en conta as seguintes especificacións:

- a) O **calendario electoral** figura nas páxinas 15-20 do Anexo I.
- b) O **censo electoral provisional** figura como Anexo II.
- c) A **distribución do número de persoas membros da Asemblea Xeral** aparece no artigo h), apartado 1, do Regulamento Electoral.
- d) A **data de celebración** da elección de membros da Asemblea Xeral será en principio o día 30 xuño (tendo en conta que o **horario das votacións** será de 10:00 a 18:00 horas), mentres que a **data de celebración** da elección á presidencia será en principio o día 9 de setembro (tendo en conta que o **horario das votacións** será matinal, comenzando a sesión contra as 11:00 horas).
- e) Os **modelos oficiais de sobre e papeletas** siguen estritamente os fixados no Anexo I do Decreto autonómico 16/2018, de 15 febreiro.
- f) O **Regulamento Electoral** figura nas páxinas 1-14 do Anexo I.
- g) O **procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo** aparecen precisados con todo detalle no artigo g) do Regulamento Electoral e nos artigos 44 a 46 do Decreto autonómico 16/2018, así como no calendario electoral anexo.
- h) A **forma de remisión da documentación á Xunta Electoral** é a prevista na disposición adicional segunda do Regulamento Electoral (literalmente, «Para todo tipo de comunicación coa Xunta Electoral, a todos os efectos previstos neste Regulamento Electoral, poderanse utilizar os seguintes enderezos electrónicos presidentajuntaelectoralfegado@gmail.com, secretariajuntaelectoralfegado@gmail.com ou vocaljuntaelectoralfegado@gmail.com»).
- i) A **composición nominal da Xunta Electoral** (cuxa **recusación** pode facerse no prazo de cinco días) é a seguinte: Sandra Fariña Balsa, Elia Núñez Otero e Iván Vizcaíno Ramos, tendo en conta que o seu **enderezo** aparece identificado no artigo f), apartado 1, do Regulamento Electoral, mentres que o **enderezo electrónico** aparece na letra anterior desta convocatoria, con referencia á disposición adicional segunda do Regulamento Electoral.

En A Coruña, a 23 de abril de 2018

Asdo.: Alberto Arufe Varela
Presidente da FEGADO

Federación Galega de Orientación – CIF G70381603

Rúa Sebastián Martínez Risco 12, 15009, A Coruña

<http://fegado.es/> - info@fegado.es

ANEXO I

FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

REGULAMENTO ELECTORAL 2018



(Aprobado en reunión da Asemblea Xeral da Federación Galega de Orientación, o 4 marzo 2018)

Artigo a). Calendario electoral e prazos do proceso electoral (artigo 19 do Decreto autonómico 16/2018)

1. O calendario electoral publicarase como anexo ao acordo da convocatoria do proceso electoral
2. Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderanse días naturais e expirarán ás 14.00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario.
3. Se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día en que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores da entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte.

Artigo b). Requisitos, prazos e forma de presentación e de proclamación das candidaturas electorais (artigos 35 e 36 do Decreto autonómico 16/2018)

1. En relación coas persoas candidatas a membro da Asemblea Xeral, observaranse as seguintes regras:
 - a) Poderá ser persoa candidata a membro da Asemblea Xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fidedignamente en dereito a dita solicitude, ante a Xunta Electoral. Para a solicitude establecerase un prazo de cinco días contados desde a publicación do censo definitivo.
 - b) Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral proclamará a lista provisional de candidatas e fará pública no taboleiro de anuncios da federación, así como na páxina web da federación na sección «procesos electorais».
 - c) Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, nun prazo de tres días, ante a Xunta Electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.



- d) Contra a resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- e) A proclamación definitiva de persoas candidatas efectuarase pola Xunta Electoral, tras o transcurso dos prazos de reclamación e resolución dos recursos pertinentes, nun prazo de dous días hábiles, e contra ela non caberá recurso, facéndose pública no taboleiro de anuncios da Federación, así como na páxina web da Federación, na sección «procesos electorais».

2. En relación coas candidaturas á presidencia da Federación:

- a) Poderá presentar candidatura á presidencia da Federación calquera persoa maior de idade, sexa ou non asembleísta ou afiliada á Federación, que reúna, na data da celebración da elección, os seguintes requisitos:
- Ter nacido en Galicia ou ter veciñanza administrativa galega.
 - Ter aval do 10 % das persoas asembleístas.
 - Non estar inhabilitada para ocupar cargos directivos.
 - Non estar condenada pola comisión dun delito en virtude de sentenza firme para ocupar cargos directivos.
- b) O prazo para presentar as candidaturas será de cinco (5) días hábiles contados desde a proclamación definitiva de persoas electas da Asemblea Xeral.
- c) As candidaturas deberán ir avaladas polo 10 % das persoas membros da Asemblea Xeral; unha persoa membro poderá avalar cantos candidatos considere oportunos.
- d) A Xunta Electoral procederá a comprobar a validez dos avais presentados por cada candidata e, a continuación proclamará as candidaturas que cumpran os requisitos para ser elixible.
- e) Unha vez presentadas as candidaturas, a Xunta Electoral proclamará a lista provisional de persoas candidatas e fará pública no taboleiro de anuncios da federación e na páxina web da Federación, na sección «procesos electorais».
- f) Poderán formularse reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas, nun prazo de tres días, ante a Xunta Electoral, que disporá de idéntico prazo para resolver.
- g) Contra a resolución da Xunta Electoral poderá interpoñerse, no prazo de tres días, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) A proclamación definitiva de persoas candidatas á presidencia efectuarase pola Xunta Electoral, tras o transcurso dos prazos de reclamación e resolución dos recursos pertinentes,

nun prazo de dous días, e contra ela non caberá recurso, facéndose pública no taboleiro de anuncios da Federación, así como na páxina web da Federación, na sección «procesos electorais».



Artigo c). Procedimentos de desempate

1. En caso de empate na elección a membro da Asemblea Xeral, resolverase a favor da candidatura de maior antigüidade na Federación, e no caso de persistir o empate, a favor da de maior idade.
2. En caso de empate na elección á Presidencia da Federación, estarase o despoto no artigo j), apartado 8.

Artigo d). Horario de apertura para as persoas electoras da sede federativa e doutras sedes eventualmente habilitadas para o efecto

1. A sede federativa (Rúa Sebastián Martínez Risco, 12, A Coruña) estará aberta de luns a venres, de 10:00 a 13:00 horas e de 15:30 a 18:30 horas.
2. Garantirse o acceso á documentación electoral, procurando abrir a sede federativa fora dos horarios ordinariamente previstos, previa solicitude.
3. Tratando sempre de garantir o mellor acceso á documentación electoral, a mesma estará permanentemente disponible na páxina web, na sección «procesos electorais».

Artigo e). Localización e horario da mesa ou mesas electorais (artigos 23, 27 e 28 do Decreto autonómico 16/2018)

1. A mesa electoral para a votación a persoas candidatas da Asemblea Xeral é única e constituirase na sede federativa, en horario ininterrumpido de 10:00 a 18:00 horas.
2. A mesa electoral do voto por correo constituirase ás 16:00 horas do día seguinte hábil á data de celebración da votación presencial, na sede da Secretaría Xeral para o Deporte, permanecendo operativa o tempo necesario para o desenvolvemento das súas funcións.
3. A mesa electoral para a votación á presidencia da Federación constituirase o día da votación, na sede federativa, permanecendo operativa o tempo necesario para o desenvolvemento das súas funcións.

Artigo f). Competencias e funcionamento da Xunta Electoral e das mesas electorais; lugar, data e hora de realización do sorteo público para a constitución destas últimas (artigos 5 a 7, 23 a 30, e 40 do Decreto autonómico 16/2018)

1. No tocante ás competencias e ó funcionamento da Xunta Electoral, estarase especialmente ó disposto nos artigos 5 a 7 do Decreto autonómico 16/2018, tendo en conta que non poderán formar parte da Xunta Electoral os membros da Xunta Directiva da Federación, que se poderá constituir e funcionar telemáticamente, sempre que quede constancia do parecer de todos os seus membros, e que habilitará un enderezo de correo electrónico para facilitar a comunicación cos interesados, a todos os efectos previstos no presente Regulamento. As súas reunións presenciais celebraranse na sede federativa (Rúa Sebastián Martínez Risco, 12, A Coruña) cantas veces sexa necesario, e as súas decisións serán publicadas no taboleiro de anuncios e na web da Federación, na sección «procesos electorais».
2. No tocante ás competencias, ó funcionamento e á constitución da mesa electoral para a votación a persoas candidatas da Asemblea Xeral, estarase especialmente ó disposto nos artigos 24, 25, 26 e 40 do Decreto autonómico 16/2018. No sorteo para a designación dos seus membros se garantirá a presenza de dous membros polo estamento de clubes, e dun membro polo conxunto dos outros tres estamentos. O sorteo realizarase na sede federativa, o día seguinte ó da aprobación do censo definitivo, en horario de tarde.
3. No tocante ás competencias e ó funcionamento da mesa electoral do voto por correo, estarase especialmente ó disposto no artigo 27 do Decreto autonómico 16/2018.
4. No tocante á mesa electoral para a votación á presidencia da Federación, estarase especialmente ó disposto nos artigos 28 e 29 do Decreto autonómico 16/2018. No sorteo para a designación dos seus membros se garantirá a presenza de dous membros polo estamento de clubes, e dun membro polo conxunto dos outros tres estamentos. O sorteo realizarase o día en que se constitúa a Asemblea Xeral.
5. No tocante ás actas das mesas electorais estarase especialmente ó disposto no artigo 30 do Decreto autonómico 16/2018.

Artigo g). Do voto por correo (artigos 44 a 46 do Decreto autonómico 16/2018)

1. No tocante ó procedemento para o voto por correo, estarase ó disposto no artigo 44 do Decreto autonómico 16/2018.
2. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:



- a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumplimentando o documento normalizado que se axustará o anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluirse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurassen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) A solicitude presentarase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Patinaxe, na sede federativa en A Coruña ou na delegación de Vigo, e que deberá trasladala solicitude á xunta electoral.
- c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluirse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a mais dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.
- d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.
- e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarase ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.
- f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, “de votación” e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.
- g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais. Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.
- h) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento a que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e



selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introduzese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina.

- i) O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.
- j) O sobre se remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

No ANVERSO

parte superior esquerda:

«ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ...

SOBRE DE REMISIÓN DO VOTO POR CORREO

CERTIFICADO

Empregado/a de Correos:

Valide a identidade da persoa electora por medio de DNI, Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade.

Inclúase no presente sobre:

-Sobre de votación pechado.

-Certificado orixinal autorizando o voto por correo, previa estampación do selo de datas.

Estampe o selo de datas no anverso deste sobre»

Na parte inferior dereita do anverso, tamén deberá figurar o destinatario:

«SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

APARTADO DE CORREOS (o que se indique para cada Federación)

Código Postal 15.704

Santiago de Compostela, Sucursal 2»

Por último, na parte superior dereita do anverso do sobre deberá figurar una casilla que indique “Franqueo Pagado”, Número de cliente: 81024374 e número de contrato: 15000238, así como escudo de cada federación galega.

No reverso deberá constar:

Nome:.....

Apelidos:.....

Estamento de

Circunscripción:.....

Especialidade de (no seu caso)

Deportista de alto nivel

3. No tocante ó escrutinio do voto por correo, estarase ó disposto no artigo 45 do Decreto autonómico 16/2018.

4. No tocante á documentación electoral relativa ó voto por correo, estarase ó disposto no artigo 46 do Decreto autonómico 16/2018.

Artigo h). Número concreto de membros da Asemblea Xeral, circunscripcións electorais e distribución inicial do número de representantes asignado por estamento (artigos 20, 33 e 34 do Decreto autonómico 16/2018)

1. Buscando a maior participación posible nos asuntos asamblearios, a Asemblea Xeral estará composta por 35 membros. En representación de entidades deportivas, 24 membros; en representación de deportistas, 7 membros (dos que 1 coa condición de Deportista Galego ou Galega de Alto Nivel); en representación de adestradores e adestradoras e técnicos e técnicas, 2 membros; en representación de árbitros/as, xuízas e xuíces, 2 membros. Garantírase a presenza de todos os clubes integrantes do censo definitivo, sempre que o número total de clubs non exceda de 24 membros.

2. A circunscripción electoral será de ámbito territorial autonómico para todos os estamentos.

3. A persoa titular da presidencia da Federación será membro nato da asemblea xeral.

4. Inicialmente, cada estamento estará representado de acordo coas seguintes proporcións:

a) Representantes de entidades deportivas: 65-70%.

b) Representantes de deportistas: 20-25%. Unha porcentaxe do 10% deles deberá ser elixido por e entre quen ostente a consideración de deportista de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. Unha porcentaxe mínima do 10% das persoas representantes do estamento de deportistas deberá ser elixido por e de entre quen ostente a consideración de deportista galego ou galega de alto nivel na data de aprobación do censo provisional. Os e as deportistas de alto nivel que non desexen ser adscritos a este cupo deberán comunicalo expresamente á Xunta Electoral, e de non facelo serán encadrados no cupo reservado a deportistas de alto nivel. Cando o número ou a porcentaxe de deportistas de alto nivel non permita cubrir as vacantes correspondentes ao dito colectivo, estas serán cubertas polas restantes persoas membros do estamento de deportistas.

c) Representantes de adestradores e adestradoras e técnicos e técnicas: 5-8%.

d) Representantes de árbitros/as, xuízas e xuíces: 5-8%.

5. Esta distribución inicial poderá ser modificada pola Xunta Electoral, unha vez aprobado definitivamente o censo electoral.

Artigo i). Sistema de elección das persoas membros da Asemblea Xeral (artigos 21, 31, 32, 37, 41, 42 e 43 do Decreto autonómico 16/2018)



1. Enténdese por campaña electoral o conxunto de actividades lícitas levadas a cabo polas persoas candidatas encamiñadas á captación de sufragios. A campaña electoral iniciarase ás 00.00 horas do día posterior á proclamación definitiva de candidaturas e rematará ás 00.00 horas do día inmediatamente anterior á data fixada para a votación. Desde este momento non se poderá realizar propaganda ningunha en favor de ningunha candidatura.
2. O sistema de votación para participar no proceso electoral a membros da Asemblea Xeral responderá ao sistema de listas abertas.
3. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario fixado no artigo e), apartado 1, deste Regulamento. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste suposto, a Xunta Electoral fixará unha data para a nova votación.
4. O dereito a votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, a persoa electora deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas, a representación corresponde exclusivamente á persoa que figura no censo electoral definitivo.
5. As persoas electoras poderán marcar na súa papeleta ata unha persoa candidata máis das que lles corresponde elixir ao estamento e/ou circunscripción electoral a que pertence.
6. No tocante a votación, estarase ó disposto no artigo 41 do Decreto autonómico 16/2018.
7. No tocante ó escrutinio, estarase ó disposto no artigo 42 do Decreto autonómico 16/2018.
8. No tocante á proclamación das persoas electas, estarase ó disposto no artigo 37 do Decreto autonómico 16/2018.
9. No tocante á documentación electoral, estarase ó disposto no artigo 43 do Decreto autonómico 16/2018.

Artigo j). Sistema de elección da Presidencia da Federación e normas relativas ó desenvolvemento da moción de censura (artigos 38, 39 e 47 do Decreto autonómico 16/2018)

1. As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán posesión do seu cargo o día da súa sesión constitutiva, antes do seu comezo, na sede da Federación (Rúa Sebastián Martínez Risco, 12, A Coruña), no prazo máximo de cinco (5) días desde a súa proclamación definitiva. A sesión constitutiva desenvolverase no prazo máximo de cinco (5) días desde a proclamación definitiva dos membros electos á asemblea xeral, e será presidida pola mesa que se constitúa conforme o disposto

neste Regulamento. A toma de posesión formalizarase mediante a presentación dun escrito presentado pola persoa elixida aceptando o cargo e dirixido á Xunta Electoral, no prazo anteriormente fixado.

2. Na sesión constitutiva da Asemblea Xeral procederase á elección da Presidencia da Federación, tendo en conta que poderán ser electoras á presidencia da Federación as persoas asembleístas elixidas no proceso electoral.

3. O voto das persoas membros da Asemblea Xeral será único, persoal, directo e secreto; non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto.

4. As persoas candidatas á Presidencia deberán presentar as súas candidaturas exponiendo o seu programa ao pleno da Asemblea Xeral e disporán dun tempo suficiente para a súa defensa. No caso de que se presente unha soa candidatura, non se efectuará votación.

5. Se non se presentase ningunha candidatura ou non é válida ningunha das presentadas, realizarase unha nova convocatoria da Asemblea Xeral nun prazo non inferior a sete días nin superior a catorce (14) días naturais. Se nesta segunda convocatoria non se presenta ningunha candidatura ou non é válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a Federación e convocará e realizará novas eleccións á Presidencia no prazo máximo de tres meses.

6. Unha vez presentadas a totalidade das candidaturas iniciarase o proceso de votación.

7. Na primeira votación son elixibles todas as persoas candidatas da lista definitiva. Aquelas que obteñan un mínimo do 10 % dos votos das persoas membros presentes pasarán á seguinte votación. No suposto de que ningunha candidatura acade o 10 % dos votos pasarán á seguinte votación aqueles dúas candidaturas que contem cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa unha candidatura a que obteña o 10 % dos votos, pasará tamén á seguinte votación a seguinte candidatura en número de votos. Se algunha candidatura acada a maioría absoluta dos votos nesa primeira votación, será proclamada Presidenta da Federación.

8. Na segunda votación soamente serán elixibles aquelas persoas que, como xa está exposto e coas excepcións establecidas, obteñan polo menos o 10 % dos votos emitidos. Será elixida Presidenta da Federación a candidatura que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.

9. No caso de que na votación anterior ningunha candidatura obteña a maioría dos votos emitidos, procederase a unha terceira nova votación entre as dúas candidaturas más votadas na segunda votación, e realizarse na mesma sesión, e resultará elixida a que obteña maioría de votos. Para o caso de empate, resloverase a favor da candidatura de maior antigüidade na federación e no caso de persistir o empate, a favor da de maior idade.



10. Rematada a elección, a secretaría da mesa levantarán a acta correspondente, que se expoñerá ao día seguinte no taboleiro de anuncios da Federación, así como na súa web. Contra a resolución da Xunta Electoral caberá interpoñer, no prazo de tres días, recurso ante o Comité de Xustiza Deportiva.
11. Finalizado o prazo de reclamacións, recursos e da súa resolución, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva do cargo de Presidente ou Presidenta da Federación.
12. Ao día seguinte da proclamación definitiva do cargo de Presidente ou Presidenta da Federación, procederase á toma de posesión no seu cargo, da cal levantarán acta a secretaría da Xunta Electoral. Unha copia desta acta será remitida á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo de dous días.
13. A presentación dunha moción de censura contra a Presidencia da Federación axustarase aos seguintes criterios:
 - a) Non poderá presentarse durante os seis (6) primeiros meses de mandato, nin cando reste un ano ata a data a partir da cal se poida realizar a convocatoria de eleccións.
 - b) A moción de censura deberá ser proposta e presentada, polo menos, pola terceira parte das persoas membros da Asemblea Xeral e incluirá necesariamente unha persoa candidata á Presidencia da Federación.
 - c) A presentación da moción de censura dirixirase á Xunta Electoral federativa, que deberá resolver o que proceda no prazo de dous días hábiles.
 - d) Cando se acorde a admisión a trámite da moción de censura, a Presidencia da Federación deberá convocar a Asemblea Xeral nun prazo non superior a corenta e oito (48) horas, contados desde que lle sexa notificada a admisión. A Asemblea Xeral que debata sobre a moción de censura deberá celebrarse nun prazo non inferior a quince (15) días nin superior a trinta (30) días, contados desde que fora convocada.
 - e) Unha vez convocada a Asemblea extraordinaria para o debate e votación da moción de censura, e dentro dos dez (10) primeiros días seguintes a esa convocatoria, poderán presentarse mocións alternativas. En ningún caso a moción de censura alternativa poderá ser subscrita por quen promova a inicial.
 - f) A votación, que deberá ser secreta, seguirá o mesmo sistema que o previsto para a elección da Presidencia. Para que a moción de censura prospere e cese de forma automática a persoa que ocupa a Presidencia, requirirase que, sometida a votación, sexa aprobada pola maioría absoluta das persoas membros da Asemblea Xeral. Se a moción de censura fose aprobada, a persoa candidata que resulte elixida permanecerá no cargo polo tempo que reste ata a finalización do período de mandato da anterior Presidencia.



- g) Se a moción é rexeitada pola Asemblea Xeral, as persoas signatarias non poderán presentar outra ata transcorrido un ano, contado desde o día da súa votación e rexeitamento.
- h) Informarase a través da páxina web da Federación da presentación da moción de censura e da data da convocatoria da Asemblea Xeral, así como do resultado.
- i) Contra as decisións que adopten os órganos federativos en relación coa presentación, admisión, tramitación e votación de mocións de censura, ou de mocións alternativas, poderá recorrer ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de cinco días hábiles.

Artigo k). Número de membros e sistema de elección da comisión delegada (artigo 48 do Decreto autonómico 16/2018)

1. O número de persoas integrantes da comisión delegada será fixado pola Asemblea Xeral, na sesión correspondente á elección das propias persoas, respetando os límites establecidos no apartado 3 deste artigo.
2. As persoas integrantes da comisión delegada elixense por e entre as que componen a Asemblea Xeral, mediante sufraxio igual, libre, directo y secreto; poderán substituírse anualmente, polo mesmo procedemento, as vacantes que se produzan. O voto por correo non poderá utilizarse en ningún caso para a elección da comisión delegada.
3. O número mínimo de persoas integrantes da comisión delegada será de 6, e o seu número máximo será de 12, más a Presidencia, que pertence a ela como membro nato. En todo caso, deberá gardarse a seguinte proporción:

- Un terzo da comisión delegada debe ser designado pola persoa titular da Presidencia da federación.
- Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre elas.
- Un terzo corresponderá aos demais estamentos, en proporción á súa respectiva representación na Asemblea Xeral, elixíndose esta representación por e de entre elas.

Artigo l). Procedemento de resolución das reclamacións electorais: lexitimación, prazo de interposición e prazo de resolución (artigos 49 a 53 do Decreto autonómico 16/2018)

1. No tocante ás reclamacións ante a Xunta Electoral, estarase ó disposto no artigo 49 do Decreto autonómico do Decreto 16/2018, tendo en conta que se habilitará un enderezo de correo electrónico para facilitar as comunicacións entre os interesados e a Xunta Electoral.



2. No tocante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, estarase ó disposto no artigo 50 do Decreto autonómico do Decreto 16/2018.
3. No tocante ó recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, estarase ó disposto no artigo 51 do Decreto autonómico do Decreto 16/2018.
4. No tocante á interposición dos recursos, estarase ó disposto no artigo 52 do Decreto autonómico do Decreto 16/2018,
5. No tocante á tramitación dos recursos, estarase ó disposto no artigo 53 do Decreto autonómico do Decreto 16/2018.

Artigo m). Sistema, procedemento e prazos para a substitución das persoas membros da Asemblea Xeral que perdan a condición pola que foron elixidas (artigo 32, apartado 5, do Decreto autonómico 16/2018)

1. Se unha persoa membro electa da Asemblea Xeral perde a condición pola cal foi elixida, causará baixa automaticamente naquela, e procederase á súa substitución coa persoa candidata non electa máis votada no seu estamento e circunscripción electoral.

Artigo n). Forma e condicións de realización de eleccións parciais para cubrir as vacantes que se produzan na Asemblea Xeral (artigo 34, apartado 8, párrafo segundo, do Decreto autonómico 16/2018)

1. No caso de que nalgún estamento da Asemblea houbese máis dun 20 % de vacantes, a Presidencia procederá, no prazo máximo de tres meses desde que se produza a dita situación, á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, segundo as normas previstas neste regulamento, no que resulte aplicable, e sen que esta nova convocatoria parcial afecte os xa elixidos.

Artigo ñ). Modelos de sobres e papeletas (artigo 22 e Anexo I do Decreto autonómico 16/2018)

1. As papeletas das candidaturas e os sobres de votación serán facilitados, en número suficiente, pola Xunta Electoral á mesa electoral correspondente.
2. As papeletas confeccionaranse en cores diferentes para cada estamento que vaia obter representación na Asemblea Xeral.
3. Os sobres e papeletas axustaranse ós modelos fixados no Anexo I do Decreto autonómico 16/2018.



Disposición adicional primeira

No posible, a Federación Galega de Orientación axustará as súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Disposición adicional segunda

Para todo tipo de comunicación coa Xunta Electoral, a todos os efectos previstos neste Regulamento Electoral, poderanse utilizar os seguintes enderezos electrónicos presidentajuntaelectoralfegado@gmail.com, secretariajuntaelectoralfegado@gmail.com ou vocaljuntaelectoralfegado@gmail.com.

Disposición adicional terceira

1. No tocante ós censos electorais, estarase ó disposto nos artigos 10 a 14 do Decreto autonómico 16/2018, así como ó indicado nos artigos 8 e 9, no que resulte aplicable.
2. Tendo en conta o artigo 8, apartado 3, do Decreto autonómico 16/2018, as persoas membros desta Federación que pertenzan a dous ou máis estamentos ou a dúas ou máis especialidades deportivas, deberán optar por unha delas mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo provisional.
3. No caso de non exercerse a opción individual, figurará definitivamente no estamento de persoas adestradores/técnicos, quen apareza inicialmente neste e noutro ou outros estamentos. No caso de non exercerse a opción individual, figurará definitivamente no estamento de xuíces/xuízas, quen apareza inicialmente neste estamento e no estamento de deportistas.

Disposición adicional cuarta. Emenda do Regulamento Electoral

No suposto de que sexa necesario facer a emenda do Regulamento Electoral, delégase na Presidencia da Federación a facultade de realización e aprobación das modificacións indicadas pola Secretaría Xeral para o Deporte, sen necesidade de novo sometemento á aprobación da Asemblea Xeral. Realizadas as modificacións, o novo Regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

Disposición transitoria primeira. Comisión Delegada



De conformidade co acordado pola Asemblea Xeral, na súa reunión de 26 de setembro de 2014, mantense a suspensión da aplicación do disposto no artigo 12 dos Estatutos, relativo á Comisión Delegada.

Disposición transitoria segunda. Calendario estimado

No que respecta ó calendario electoral, en principio, estarase ó que figura como Anexo.



ANEXO. CALENDARIO ELECTORAL

Dacordo co artigo 19 (rotulado «Calendario electoral») do Decreto autonómico 16/2018, estase o seguinte: 1) «O calendario electoral para a elección das persoas membros dos órganos reitores das federacións respectará os prazos, obrigas e prohibicións establecidos no presente decreto» (apartado 1); 2) «O calendario electoral publicarase como anexo ao acordo da convocatoria do proceso electoral» (apartado 2); e 3) «Os prazos deste calendario para a presentación de escritos, reclamacións e recursos, cando estean sinalados por días, entenderánse días naturais e expirarán ás 14.00 horas do derradeiro día de prazo, salvo disposición en contrario», tendo en conta que «se o día final do prazo coincide con día inhábil de carácter autonómico ou estatal, ou cun día en que non estean abertas as dependencias da federación en aplicación do convenio colectivo dos traballadores da entidade, entenderase que remata o día hábil inmediato seguinte» (apartado 3).

I. CENSOS ELECTORAIS INICIAL, PROVISIONAL E DEFINITIVO.

II. APROBACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL.

III. ELECCIÓN DOS MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL.

IV. VOTO POR CORREO.

V. CANDIDATURAS E ELECCIÓN Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN.



I. CENSOS ELECTORAIS INICIAL, PROVISIONAL E DEFINITIVO

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
1 xaneiro	Elaboración do CENSO INICIAL	Xunta Directiva	2 meses	28 febreiro
1 marzo	Exposición pública do Censo Inicial Presentación de reclamacións	Xunta Directiva Pessoas electoras	20 días	20 marzo
21 marzo	Remisión Censo Inicial á Secretaría Xeral para o Deporte, xunto coas reclamacións	Xunta Directiva	10 días	30 marzo
31 marzo	Comprobación Censo Inicial	Secretaría Xeral para o Deporte	10 días	10 abril
23 abril	Publicar CENSO PROVISIONAL	Xunta Directiva		
24 abril	Remisión Censo Provisional á Xunta Electoral	Secretaría	4 días	28 abril
25 abril	Exposición pública do Censo Provisional Presentación reclamacións	Xunta Electoral Pessoas interesadas	10 días	4 maio
5 maio	Resolución reclamacións	Xunta Electoral	5 días	9 maio
10 maio	Recurso frente resolución reclamacións ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	Pessoas interesadas	2 días	11 maio
12 maio	Resolución recurso	Comité Galego de Xustiza Deportiva	5 días	16 maio
17 maio	Exposición CENSO DEFINITIVO			



II. APROBACIÓN DO REGULAMENTO ELECTORAL

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
22 febreiro	Publicación proxecto Regulamento Electoral	Xunta Directiva	10 días	3 marzo
4 marzo	Aprobación Regulamento Electoral	Asemblea Xeral		
5 marzo	Remisión Regulamento Electoral á Secretaría Xeral para o Deporte	Xunta Directiva	2 días	6 marzo
7 marzo	Aprobación definitiva Regulamento Electoral	Secretaría Xeral para o Deporte	1 mes	7 abril
9 abril	Enmenda Regulamento Electoral	Presidente	10 días hábiles	19 abril



III. ELECCIÓN DOS MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
23 abril	CONVOCATORIA Tefien que transcurrir 45 días desde a remisión do Regulamento Electoral á Secretaría Xeral para o Deporte	Presidente		
24 abril	Impugnación convocatoria	Persoa interesada	5 días hábiles	28 abril
18 maio	Candidaturas	Persoas elixibles	5 días	22 maio
23 maio	Proclamación provisional candidaturas	Xunta Electoral		
24 maio	Reclamacións contra proclamación provisional candidaturas	Persoas interesadas	3 días	26 maio
28 maio	Resolución reclamaciones	Xunta Electoral	3 días	30 maio
31 maio	Recurso contra resolución reclamaciones	Persoas interesadas	3 días	2 junio
8 xuño	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA CANDIDATURAS			
9 xuño 00:00	Inicio campaña electoral	Candidatos		
28 xuño 00:00	Fin campaña electoral			
30 xuño	VOTACIÓN PRESENCIAL E ESCRUTINIO	Electores		
2 xullo	ESCRUTINIO VOTO POR CORREO	Mesa electoral de voto por correo		
4 xullo	Proclamación provisional de persoas candidatas electas	Xunta electoral		
5 xullo	Reclamación contra proclamación provisional de persoas candidatas electas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	Persoas candidatas	2 días	6 xullo
7 xullo	Resolución reclamacións	Comité Galego de Xustiza Deportiva	3 días	10 xullo
11 xullo	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE PERSONAS CANDIDATAS ELECTAS			



IV. VOTO POR CORREO

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
24 abril	Solicitud de inclusión no censo especial de voto por correo, presentada persoalmente na Federación, que a traslada á Xunta Electoral	Pessoas electoras		22 maio
9 xuño	Envío dos sobres electorais e das papeletas ós electores incluidos no censo especial de voto por correo	Xunta Electoral		
10 xuño	Presentación dos votos nas oficinas de Correos	Pessoas electoras		22 xuño
2 xullo	ESCRUTINIO VOTO POR CORREO	Mesa electoral de voto por correo		



V. CANDIDATURAS E ELECCIÓN Á PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
11 xullo	Presentación candidaturas á presidencia	Pessoas candidatas	5 días hábiles	16 xullo
17 xullo	Proclamación provisional de persoas candidatas	Xunta Electoral		
18 xullo	Reclamacións contra a lista provisional de persoas candidatas	Pessoas candidatas	3 días	20 xullo
21 xullo	Resolución reclamacións	Xunta Electoral	3 días	23 xullo
24 xullo	Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	Pessoas candidatas	3 días	26 xullo
27 xullo	Resolución dos recursos	Comité Galego de Xustiza Deportiva	3 días	29 xullo
30 xullo	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DE PERSONAS CANDIDATAS Á PRESIDENCIA	Xunta Electoral		

Segundo o artigo 36, apartado 2, do Decreto 16/2018, «O prazo para presentar as candidaturas será de cinco (5) hábiles contados desde a proclamación definitiva de candidatas da asamblea xeral»; e segundo o artigo b), apartado 2, letra b), do Regulamento Electoral, «O prazo para presentar as candidaturas será de cinco (5) días hábiles contados desde a proclamación definitiva de persoas electas da asemblea xeral».

INICIO CÓMPUTO PRAZO	TRÁMITE	ÓRGANO/PERSONAS COMPETENTES	DURACIÓN PRAZO	FIN CÓMPUTO PRAZO
9 setembro	Constitución da Asemblea Xeral	Pessoas membros		
9 setembro	Elección da presidencia			
10 setembro	Exposición da acta da elección	Xunta Electoral		
11 setembro	Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva	Candidatos	3 días	13 setembro
14 setembro	PROCLAMACIÓN DEFINITIVA DO CARGO DE PRESIDENTE OU PRESIDENTA	Xunta Electoral		
15 setembro	Toma de posesión	Secret. Xunta Electoral		
16 setembro	Remisión acta toma de posesión á Secretaría Xeral para o Deporte	Secretaría da Xunta Electoral	2 días	17 setembro

Segundo o artigo 38, apartado 1, do Decreto 16/2018, «As persoas electas como membros da asemblea xeral tomarán, da forma establecida regulamentariamente, posesión do seu cargo antes da súa sesión constitutiva, que terá lugar na sede da federación, ou na sede establecida no regulamento electoral, no prazo máximo de cinco (5) días desde a súa proclamación definitiva».

ANEXO II

FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

CENSO PROVISIONAL

ELECCIÓNNS 2018

23 ABRIL 2018

A) CLUBES

Segundo o artigo 8, apartado 1, letra b), do Decreto autonómico 16/2018 (ó que remite a disposición adicional terceira, apartado 1, do Regulamento Electoral da Federación Galega de Orientación), poderán ser electoras e elixibles á Asemblea Xeral as entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos, a saber:

- 1) «Entidades que figuren inscritas, desde xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, na federación correspondente e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia».
- 2) «Que participasen, desde xaneiro dos dous anos anteriores ao ano de celebración das eleccións, como mínimo, nunha competición oficial en Galicia cada tempada».

Sobre esta base, quedan incluidos os seguintes clubes, ordeados alfabéticamente por provincia:

A CORUÑA

1.- CLUB AD JARNACHAS (núm. de registro **C-11045**, domiciliado en Centro de Negocio APEMAX, Avenida Manuel Platas Varela, 93, 1º [15141, Villarrodriñ-Arteixo-**A CORUÑA**]; NIF **G70314067**); adjarnachas@gmail.com; Daniel Feijoo Palleiro.

2.- CLUB ADTL A PEDROSA (núm. de registro **C-07224**, domiciliado en Local Social de la AVV San Salvador de Orro, s/n [15189, Orro-Culleredo-**A CORUÑA**]; NIF **G15807902**); jccarballo@telefonica.net; Juan Carlos Carballo Fernández.

3.- CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA APA LICEO SECCIÓN DE CARRERAS DE ORIENTACIÓN (núm. de registro **C-1653**, domiciliado en Calle Sebastián Martínez Risco, 12 [15008, A CORUÑA]; NIF **G-15255912**); oriliceo@gmail.com; Alberto Tabernero Reboredo.

4.- CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA (núm. de registro **C-10978**, domiciliado en Arnela, 8 [15979, Porto do Son-A CORUÑA]; NIF **G70309455**); adcarnela@gmail.com; Ramón Fernández Torres.

5.- CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA IES SABÓN (núm. de registro **C-10107**, domiciliado en Avenida Arsenio Iglesias, s/n [15142, Arteixo-A CORUÑA]; NIF **G70217310**); ljra.htc@gmail.com; Luis Javier Ramos Asensio.

6.- CLUB BRIGANTIA AVENTURA (núm. de registro **C-11793**, domiciliado en Calle Hospital, 39, Bajo [15003, A CORUÑA]; NIF **G70396205**); clubbrigantiaaventura@gmail.com; Francisco Javier González Rodríguez.

7.- CLUB DE ORIENTACIÓN CORUÑA (núm. de registro **C-11445**, domiciliado en Plaza de la Constitución, 5 [15001, A CORUÑA]; NIF **G70355375**); cluborientacioncoruna@gmail.com; José Manuel Sancosmed Torres.

8.- CLUB DE ORIENTACIÓN RO-BALIZA (núm. de registro **C-11436**, domiciliado en A Mosca, 7 [15659, Cambre-A CORUÑA]; NIF **G70354386**); robalizaco@gmail.com; Miguel Camblor Quirós.

9.- CLUB GALLAECIA RAID (núm. de registro **C-08397**, domiciliado en Calle Adelaida Muro, nº 34-1º [15002, A CORUÑA]; NIF **G15976558**); licenciasgallaeciaraid@gmail.com; María Teresa Silvarrey Redondo.

10.- CLUB MONTAÑA FERROL (núm. de registro **C-000235**, domiciliado en Calle Coruña, 102, 1º dcha. [15480, Ferrol-A CORUÑA]; NIF **G15116676**); crisoslars@gmail.com; Xan Antón Ramírez Gómez.

11.- CLUB O PASATEMPO (núm. de registro **C-10756**, domiciliado en Rúa Travesa, 47 - 3º [15300, Betanzos-A CORUÑA]; NIF **G70286968**); francostoya@edu.xunta.es; Francisco J. López Costoya.

12.- CLUB SEO (núm. de registro **C-8996**, domiciliado en Rúa O Casal, 54 [15680 Ordes, A CORUÑA]; NIF **G-70073731**); jamorlan@hotmail.com; José Ángel Morlán Rodríguez.

13.- CLUB USC (núm. de registro **C-9513**, domiciliado en Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Formación Continua da USC, Rúa Casas Reais, 8 [15782 Santiago de Compostela (A CORUÑA)]; NIF **Q1518001A**); orientacionusc@gmail.com; Mª Dolores Álvarez Pérez.

LUGO

14.- AD BICICLISTAS GALEGOS (núm. de registro **C-12816**, domiciliado en Rúa de Galicia, 11 [27800, Vilalba-LUGO]; NIF **G27486216**); emiliovillar71@gmail.com; Pablo Fernández García.

15.- A.S. SAN ROQUE VIVEIRO (núm. de registro **C-06825**, domiciliado en Calle Antonio Bas, 9^a, 2º C [27850, Viveiro-LUGO]; NIF **G27268671**); carreramontesviveiro@gmail.com; José Manuel López Martínez.

16.- CLUB FLUVIAL DE LUGO (núm. de registro **C-01122**, domiciliado en Calle Fermín Rivera, s/n [27004, LUGO]; NIF **G27008549**); fluviallugoorientacion@gmail.com; Modesto Teijeiro Valledor.

OURENSE

17.- CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA LIMIACTIVA (núm. de registro **C-08603**, domiciliado en Rúa Ladeira, 35, 2º C [32630, Xinzo de Limia-OURENSE]; NIF **G32341067**); ori.limiactiva@gmail.com; Óscar Gómez Míguez.

18.- CLUB PEÑA TREVINCA (núm. de registro **C-00355**, domiciliado en Pabellón Municipal de Calabagueiros [32300, O Barco de Valdeorras-OURENSE]; NIF **G32022626**); ori.trevinca@yahoo.es; Pablo A. Aller Estévez.

PONTEVEDRA

19.- CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA A FORNA_BUDIÑORAID-ORIENTACIÓN (núm. de registro **C-9983**, domiciliado en Budiño-Vacaría, 53 [36475, O Porriño-Pontevedra]; NIF **G27723352**); budinhoraid@gmail.com; Carlos Amil Fernández.

20.- CLUB VIZHOJA-CORNELIOS (núm. de registro **C-08006**, domiciliado en Calle Paredes, 42 [36440, As Neves-PONTEVEDRA]; NIF **G36457901**); diegoasneves@hotmail.com; Diego Fernández Sánchez.

